ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:

Artigo 1º.-

O pago do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica acreditarase:

a) No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, mediante recibo tributario.

b) No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos deste imposto, mediante carta de pago.

Artigo 2º.-

No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo Concello ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de identificación Fiscal do suxeito pasivo.

Artigo 3º.-

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do Imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que s atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto exporase ó público polo prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados podan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no “Boletín Oficial da Provincia” e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 4º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección Cuarta da Sección Terceira do Capítulo II do Título II da citada Lei 39/88, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do Estado reguladoras da Materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenrolo.

Artigo 5º.-

Os vehículos que estean matriculados na Xefatura Provincial de Tráfico como históricos gozarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto, así como aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos na data de devengo do imposto (01 de xaneiro de cada ano), contados a partires da data da súa fabricación ou se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 06 de outubro de 2006, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2007, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O Alcalde, O Secretario,